

EXPEDIENTE:	2022/00014414R
PROCEDEMENTO:	Liquidación do orzamento do Concello

**INTERVENCIÓN XERAL**  
**INFORME**

ASUNTO	LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CORRESPONDENTE O EXERCICIO ECONÓMICO DO 2021
REF.:	321/2022
AREA XESTORA	CONCELLERIA DE ECONOMÍA E FACENDA
CARÁCTER DO INFORME	PRECEPTIVO. ARTIGO 191 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004 DE 5 DE MARZO, REAL DECRETO LEXISLATIVO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS
FORMA DE EXERCICIO DO CONTROL	CONTROL FINANCIERO NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE

SUMARIO:

- I.- NORMATIVA A CONSIDERAR
- II.- TRAMITACIÓN DO ESTADO DA LIQUIDACIÓN E ÓRGANO COMPETENTE PARA A SUA APROBACIÓN.
- III.- CONTIDO DA LIQUIDACIÓN.
- IV.- RESULTADOS E MAGNITUDES ORZAMENTARIAS.
- V.- CONSIDERACIÓNS.
- VI.- CONCLUSIÓNS.

-----

En cumprimento do disposto nos artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,, - en diante TRLRHL -, artigos 89 a 97 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, que desenvolve a materia orzamentaria do indicado texto legal e artigo 6.1. b) do Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, polo que se aproba o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, procedeuse á formación dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento Xeral correspondente ao exercicio 2021, documento este que, - en virtude do principio de anualidade orzamentaria que obriga aos entes locais ao peche definitivo das operacións executadas ata o último día do ano, - informa e cifra as magnitudes do orzamento executado, determinando o seu resultado económico-financeiro.

Pois ben, examinados os estados que conforman a liquidación do Orzamento Xeral do exercicio económico anterior, procédese á emisión do preceptivo informe desta Intervención para a análise das distintas magnitudes resultantes de tales estados pechados ao 31 de decembro do ano anterior, e iso en base ao mandato contido no artigo 191.3 TRLRHL e 90.1 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril.

En informe independente procédese á verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, con inclusión das distintas personificacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela, de conformidade cos criterios do Sistema Europeo de Contas.

A Resolución da Alcaldía-Presidencia pola que se preste aprobación á liquidación do Orzamento Xeral, deberá comprender debidamente consolidado o orzamento municipal e o orzamento do Organismo Autónomo de carácter administrativo Auditorio de Galicia. As contas das Sociedades Mercantís de capital integramente local réxense, en canto á súa aprobación, pola normativa mercantil, con independencia do carácter con que fosen sectorizadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado a efectos do inventario de Entidades Locais e a efectos da normativa reguladora da estabilidade orzamentaria, Administracións Públicas ou entes de mercado.

No presente informe faise referencia exclusivamente á liquidación da entidade matriz Concello de Santiago de Compostela. Incorporáanse, así mesmo, diferentes ratios económico-financeiros que completan os datos da liquidación.

## I

### NORMATIVA A TOMAR EN CONSIDERACIÓN.

- Constitución española de 1978.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, - TRRL -.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (Capítulo IV, Sección 3ª, Liquidación de los Presupuestos, artículos 89 a 105), RP-.
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de Contabilidade local – ICAL -.
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das Entidades locais.
- Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, - LOEPYSF -.
- Real Decreto 1463/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 Xeral de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación as Entidades locais.
- Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de información previstas pola Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira.
- Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira.
- Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape.
- Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro do 2020 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de gasto e endebedamento para o período 2020 e 2021 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.
- Acordo adoptado polo Congreso dos Diputados o 20 de outubro do 2020 sobre a ratificación das regras fiscais para os anos 2020-2021.
- Acordo de 27 de xullo do 2021 do Consello de Ministros de mantemento da suspensión das regras fiscais para o ano 2022.
- Acordo do Congreso dos Diputados de 13 de setembro do 2021 de suspensión das regras fiscais para o exercicio económico do 2022.
- Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se reghula o réxime xurídico do control interno das Entidades do Sector Público Local.

- Bases de execución do orzamento xeral

## II

### TRAMITACIÓN DO ESTADO DE LIQUIDACIÓN E ÓRGANO COMPETENTE PARA A SUA APROBACIÓN

De conformidade co previsto nos artigos 191 e 192 do TRLRHL e en igual sentido o artigo 89 do RP, o peche e liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais e dos seus organismos autónomos dependentes efectuarase, en canto á recadación de dereitos e pago das obrigacións o 31 de decembro do ano natural, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagos pendentes, segundo as respectivas contraccións, aparecendo recolleitos no Remanente de Tesourería.

Os preceptos citados, xuntamente co 193 do mesmo texto legal establecen en relación o expediente da liquidación catro requirimentos diferentes en relación co expediente da liquidación do documento orzamentario, a saber:

1. A confección pola Entidade local da liquidación do seu orzamento.
2. A aprobación da liquidación orzamentaria.
3. Dar conta o Pleno na primeira sesión que se celebre.
4. Remitir copia da liquidación a Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma respectiva.

Así en efecto ao primeiro dos requirimentos fai referencia o apartado 3 do artigo 193 do TRLHRL, no seu primeiro parágrafo, indicando expresamente:

*"3. Las entidades locales deberán confeccionar la liquidación de su presupuesto antes del día primero de marzo del ejercicio siguiente".*

É de significar respecto ao literal deste precepto que a normativa actual e vixente en materia de facendas locais non atribúe, - coma se facía na normativa precedente -, á intervención da Entidade local a confección da liquidación orzamentaria, senón unicamente a emisión do preceptivo informe, unha vez elaborados os estados demostrativos da liquidación orzamentaria que conforman o correspondente expediente.

Así a norma preconstitucional na materia constituída polo Texto Articulado e Refundido de Réxime Local, do 24 de xuño de 1955, establecía no seu artigo 693, o seguinte:

*"Dentro del primer mes del año económico se formulará por la intervención la liquidación de gastos e ingresos pendientes del año anterior....."*

E a mesma función atribuíalle o máis recente e derogado artigo 451.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, norma esta que conviviu e convive no que non foi derogado, coa vixente lei básica do réxime local ditada no marco do bloque da constitucionalidade. Este precepto indicaba respecto diso:

*"3. Dentro del primer mes del año económico del ejercicio siguiente se formulará por la intervención la liquidación de gastos e ingresos pendientes del año anterior".*

Por tanto, a formulación do expediente de liquidación corresponde á Entidade local e ao órgano interventor a evacuación do correspondente informe, que se rexerá polas formalidades establecidos no procedemento administrativo de carácter xeral, e á Presidencia da Entidade local a súa aprobación, e así o indica de forma expresa o mesmo apartado 3 do artigo 191 do TRLRHL no seu parágrafo segundo:

*"La aprobación de la liquidación del presupuesto corresponde al presidente de la Entidad local, previo informe de la Intervención".*

En terceiro lugar, da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o Orzamento xeral, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que este órgano colexiado celebre (artigos 193.5 TRLRHL e artigo 91 RD 500/1990).

Finalmente, deberase remitir copia da liquidación do Orzamento á Comunidade Autónoma e ao centro correspondente do Ministerio de Economía e Facenda (Artigo 91 RD 500/1990).

Actualmente a obriga de remisión de información ao Ministerio de Facenda está regulada na Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Este último requirimento de remisión ten unha especial transcendencia, por canto que a falta de remisión da liquidación facultará á Administración do Estado para utilizar como actuais, a calquera efectos, os datos que coñeza relativos á Entidade de que se trate (artigos 193.5 TRLRHL e RD 500/1990 do 20 de abril).

E para estes efectos, a Lei 2/2011 do 4 de marzo de Economía Sostible, introduciu no seu momento unha importante novidade en relación ao aseguramento da información e transparencia en materia de disciplina orzamentaria das Entidades Locais. Así, habilitase ao Ministerio de Facenda a que, baixo determinadas condicións, reteña o importe das entregas a conta mensuais pola participación nos tributos do Estado que lles corresponda, cando as Entidades Locais incumplan a obrigaçión de remitir a liquidación dos seus respectivos orzamentos de cada ano. En concreto, o artigo 36 da citada Lei establece no seu apartado primeiro o seguinte:

*"En el supuesto de que las Entidades locales incumplan la obligación de remitir al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas toda la información relativa a la liquidación de sus respectivos presupuestos de cada ejercicio, de acuerdo con lo establecido en el artículo 193.5 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, la Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local, procederá a retener a partir del mes de junio siguiente al que corresponda aquella liquidación, y hasta que se produzca la regulación de la citada remisión, así como la de las liquidaciones de los ejercicios a los que resulta de aplicación la presente norma, el importe de las entregas a cuenta y, en su caso, anticipos y liquidaciones definitivas de la participación en los tributos del Estado que les corresponda".*

Nun primeiro momento o prazo ou límite para que operase esta medida estableceuse no mes de setembro, pero con posterioridade, tras a modificación da Lei de Economía Sostible pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 ( DF 22.1 da Lei 17/2012. do 27 de decembro), o prazo adiantouse ao mes de xuño do exercicio seguinte ao da liquidación de que se trate.

Deixamos constancia por último, que o Ministerio de Facenda periodicamente, a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, fai publica a relación de municipios que non comunicaron a aprobación da liquidación do orzamento e procedéuselles á retención correspondente.

### III

## CONTIDO DA LIQUIDACIÓN

O estado da liquidación forma parte do conxunto das contas e estados que conforman a Conta Xeral e que se debe formar á finalización de cada exercicio económico. A liquidación non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado da xestión económica, limitada estritamente ao orzamento e a un exercicio económico determinado. A aprobación da Conta Xeral en ningún caso implica a aprobación da liquidación do orzamento que ten que producirse con carácter previo á aprobación daquela nas datas e condicións indicadas no epígrafe anterior do presente informe.

Segundo a instrucción de contabilidade para a Administración local, - Orde HAP/1791/2013 de 20 de setembro -, a liquidación do orzamento estruturase en tres partes:

- Primeira: Liquidación do orzamento de gastos.
- Segunda: Liquidación do orzamento de ingresos.
- Terceira: Resultado orzamentario.

De conformidade co disposto no artigo 93 da RP, a liquidación deberá poñer de manifesto:

- Estado de gastos: (para cada aplicación orzamentaria): Créditos iniciais, modificacións e créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigas recoñecidas, pagos ordeados e pagos realizados.
- Estado de ingresos (para cada concepto): Previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados e dereitos recaudados.

E como consecuencia da liquidación do Orzamento deberá determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado do exercicio.
- Os remanentes de crédito
  - O Remanente de Tesourería.

## IV RESULTADOS E MAGNITUDES ORZAMENTARIAS.

Realizada a liquidación do orzamento correspondente o exercicio económico anterior, teñense obtido os seguintes resultados:

### 1.- Respecto do estado de gastos do Orzamento.

1.1.- Polo que respecta o Orzamento corrente que rexíu no exercicio que se liquida:

<b>GASTOS EJERCICIO CORRENTE</b>	<b>IMPORTE €</b>
A.- Orzamento inicial. Gastos	125.020.077,77
B.- Modificacións. Gastos	37.759.810,74
C. Orzamento definitivo Gastos (A + B)	162.779.888,51
D.- Gastos autorizados	123.232.343,25
E.- Gastos comprometidos	119.310.883,74
F.- Obrigas recoñecidas netas	100.259.411,38
G.- Pagos realizados	90.221.525,45
H.- Obrigas pendentes de pago	10.037.885,93



1.2.- En cuanto a exercicios pechados.

<b>GASTOS EXERCICIOS PECHADOS</b>	<b>IMPORTE €</b>
A.- Saldo inicial de obrigas	22.460.643,26
B.- Rectificación de obrigas iniciais	-3.162,04
C.- Total saldo inicial de obrigas (A + B)	22.457.481,22
D.- Saldo inicial de pagos ordeados	17.762,97
E.- Rectificación saldo inicial de pagos ordeados	0,00
F.- Total saldo inicial de pagos ordeados (D + E)	17.762,97
G.- Pagos ordeados del exercicio	21.897.535,37
H.- Total pagos ordeados (F + G)	21.915.298,34
I.- Pagos realizados	21.902.949,21
J.- Obrigas prescritas	0,00
K.- Saldo actual de obrigas (C - G - J)	559.945,85
L.- Saldo actual de pagos ordeados (F + G - I)	12.349,13
LL.- Obrigas pendentas de pago (K + L)	572.294,98

## 2.- Respecto o estado de ingresos do Orzamento.

### 2.1.- Polo que se refire o orzamento corrente.

<b>INGRESOS EJERCICIO CORRENTE</b>	<b>IMPORTE €</b>
A.- Orzamento inicial. Ingresos	125.020.077,77
B.- Modificacións. Ingresos	37.759.810,74
C.- Orzamento definitivo. Ingresos (A + B)	162.779.888,51
D.- Dereitos recoñecidos brutos	117.834.074,91
E.- Dereitos anulados	1.215.019,69
F.- Dereitos cancelados	57.803,51
G.- Dereitos recoñecidos netos (D - E - F)	116.561.251,71
H.- Recaudación bruta	109.637.939,45
I.- Devolución de ingresos.	1.025.429,49
J.- Recaudación neta (H - I)	108.612.509,96
K.- Dereitos pendentes de cobro (G - J)	7.948.741,75

2.2.- En canto a agrupación de exercicios pechados.

<b>INGRESOS EJERCICIOS PECHADOS</b>	<b>IMPORTE €</b>
A.- Saldo inicial total de derechos (B + C - D)	32.951.128,71
B.- Saldo inicial de dereitos	32.950.964,73
C.- Rectificaciónes en aumento	32.296,54
D. Rectificaciónes a baixa	32.132,56
E.- Dereitos anulados (F + G)	1.336.674,13
F.- Por anulacións de liquidacións	1.336.674,13
G.- Por aplazamentos e fraccionamentos	0,00
H.- Dereitos cancelados (I + J + K + L)	1.316.066,61
I.- por cobros en especie	0,00
J.- Por insolvencias	109.381,24
K.- Por outras causas	41.482,47
L.- Por prescripción	1.165.202,90
M.- Dereitos recoñecidos netos (B + C - D - E - H)	30.298.387,97
N.- Dereitos recaudados	6.676.659,39
O.- Dereitos pendentes de cobro (M - N)	23.621.728,58

3.- En canto as **modificacións orzamentarias** tramitadas e aprobadas durante o exercicio cuxa liquidación se informa mostranse na taboa que se inserta de seguido, segundo a tipoloxía de modificación orzamentaria:

<b>MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>IMPORTE €</b>
CREDITOS EXTRAORDINARIOS	2.861.285,34
SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	2.157.115,01
AMPLIACIÓN DE CRÉDITO	288.517,73
TRANSFERENCIAS POSITIVAS	2.466.595,28
TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	-2.466.595,28
INCORPORACIÓN DE REMANENTES	31.125.500,47
XERACIÓN DE CRÉDITOS	3.552.938,62
BAIXAS POR ANULACIÓN	-2.225.546,43
<b>TOTAL</b>	<b>37.759.810,74</b>

4.- .- O **Resultado Orzamentario** do exercicio presenta o seguinte detalle

**RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO**

<b>CONCEPTO</b>	<b>DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS</b>	<b>OBRIGAS RECOÑEC NETAS</b>	<b>AXUSTES</b>	<b>RDO ORZAMENT</b>
a) Operacións correntes	106.291.571,81	87.732.896,77		18.558.675,04
b) Outras operacións non financeiras	4.456.374,61	9.897.769,72		-5.441.395,11
1.- Total operacións non financeiras (a + b)	110.747.946,42	97.630.666,49		13.117.279,93
2.- Activos financeiros	28.050,90	81.189,77		-53.138,87
3.- Pasivos financeiros	5.785.254,39	2.547.555,12		3.237.699,27
RDO ORZAMENTARIO EXERCICIO	116.561.251,71	100.259.411,38		16.301.840,33
AXUSTES				
4.- Créditos gastados financiados con RTGG			5.632.307,50	
5.- Desviacións financiación negativas exercicio			6.389.272,05	
6.- Desviacións financiación positivas exercicio			8.294.857,00	
RDO ORZAMENTARIO AXUSTADO				20.028.562,88

5.- O estado contable do **Remanente de Tesourería** do ano a que se refire a liquidación e do inmediato anterior reflexase na taboa que se inserta de seguido:

	IMPORTES ANO	IMPORTES ANO
REMANENTE DE TESOURERIA	2021	2020
1.- (+) Fondos líquidos	51.369.746,41	44.304.780,88
2.- (+) Dereitos pendentes de cobro	26.882.084,33	32.132.742,37
(+ ) De orzamento corrente	7.948.741,75	8.122.859,51
(+ ) De orzamentos pechados	23.621.728,58	24.828.105,22
(+ ) De operacións non orzamentarias	472.753,41	570.553,79
(- ) Ingresos pendentes de aplicación	5.161.139,41	1.388.776,15
3.- (-) Obrigas pendentes de pago	19.720.090,42	31.463.992,22
(+ ) De orzamento corrente	10.037.885,93	21.645.089,23
(+ ) De orzamentos pechados	572.294,98	833.317,00
(+ ) De operacións non orzamentarias	9.111.953,50	8.995.260,52
(-) Pagos pendentes de aplicación	2.043,99	9.674,53
I.- Remanente de Tesourería total (1 + 2 + 3)	58.531.740,32	44.973.531,03
II.- Saldos de dubidoso cobro	17.642.852,89	18.550.588,85
III.- Excesos de financiación afectada	17.657.411,26	17.416.949,28
IV.- Remanente de Tesorería Gts.Xerais (I- II- III)	23.231.476,17	9.005.992,90

## 6.- Estabilidade bruta e estabilidade neta.

### ESTABILIDADE BRUTA E ESTABILIDADE NETA

	2021	2020
	TOTAL DEREIT/ OBRIGAS LIQUID	TOTAL DEREIT/ OBRIGAS LIQUID
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 1	48.163.632,08	47.595.759,25
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 2	4.067.010,08	2.700.730,54
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 3	18.148.570,72	17.292.324,42
Contribucións especiais	702.312,69	725.070,92
Outros ingr.correntes atipicos e/ou financ.gts.capital	120.535,94	297.453,51
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 4	35.609.944,66	32.371.188,51
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 5	302.414,27	480.790,93
1.- TOTAL DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS CAP. 1 A 5	105.468.723,18	99.418.269,22
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 1	32.772.947,32	32.650.465,62
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 2	36.247.191,75	42.598.684,09
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 3	226.352,45	256.687,94
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 4	18.486.405,25	15.175.141,45
Importe financiado con Remanente líquido Tesoureria	3.664.008,46	4.530.950,10
2.- TOTAL OBRIGAS RECOÑECIDAS CAPITULOS 1 A 4	84.068.888,31	86.150.029,00
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 9	2.547.555,12	2.864.621,98
Amortizacións anticipadas	0,00	0,00
3.- TOTAL OBRIGAS RECOÑECIDAS CAPITULO 9	2.547.555,12	2.864.621,98
4.- ESTABILIDADE BRUTA (1 - 2)	21.399.834,87	13.268.240,22
Ratio de estabilidade bruta (4/1)%	20,29	13,35
5.- ESTABILIDADE NETA (1 - 2 - 3)	18.852.279,75	10.403.618,24
Ratio de estabilidade neta (5/1)%	17,87	10,46

## 7.- Ratio legal de aforro neto.

	2021	2020
	TOTAL DEREIT/ OBRIGAS LIQUID	TOTAL DEREIT/ OBRIGAS LIQUID
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 1	48.163.632,08	47.595.759,25
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 2	4.067.010,08	2.700.730,54
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 3	18.148.570,72	17.292.324,42
Contribucións especiais	702.312,69	725.070,92
Outros ingr.corrent atipicos e/ou financ.gastos capital	120.535,94	297.453,51
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 4	35.609.944,66	32.371.188,51
Dereitos recoñecidos netos Capitulo 5	302.414,27	480.790,93
1. TOTAL DEREITOS RECOÑEC.NETOS CAP 1 A 5	105.468.723,18	99.418.269,22
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 1	32.772.947,32	32.650.465,62
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 2	36.247.191,75	42.598.684,09
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 4	18.486.405,25	15.175.141,45
Importe financiado con Remanente liquido Tesoureria	3.664.008,46	4.530.950,10
2. TOTAL OBRIGAS RECOÑEC CAP 1, 2 E 4	83.842.535,86	85.893.341,06
3. ESTABILIDADE BRUTA CAP 3 GTS.FINANCIEROS	21.626.187,32	13.524.928,16
4. ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN	5.220.042,52	4.990.828,27
5. AFORRO NETO ( 3 - 4 )	16.406.144,80	8.534.099,89
RATIO LEGAL DE AFORRO ( 5/1 % )	15,56	8,58



## 8.- Ratio de débeda viva.

### RATIO DEBEDA FINANCIERA VIVA CONCELLO

CONCEPTOS	2021	2020
Capital pendente préstamos a L/P	24.492.381,42	17.481.715,36
Importe avais	240.000,00	0,00
Pólizas de tesourería (C/P)	0,00	0,00
A.- TOTAL DEBEDA VIVA	24.732.381,42	17.481.715,36
B.- DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OP.CORRENTES	105.468.723,18	99.418.269,22
Ratio débeda viva (A/B)	23,45	17,58

E para o Grupo Administración Pública Concello de Santiago de Compostela

### RATIO DEBEDA FINANCIERA VIVA GRUPO CONSOLIDADO

CONCEPTOS	2.021
Capital pendente préstamos a L/P	24.599.381,42
Importe avais	240.000,00
Pólizas de tesourería (C/P)	240.000,00
A.- TOTAL DEBEDA VIVA	25.079.381,42
B.- DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OP.CORRENTES	111.884.120,38
Ratio débeda viva (A/B)	22,42

## V CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.-** O orzamento municipal preventivo ou inicial que rexeu no exercicio cuxa liquidación se informa atopase formalmente nivelado na cantidade de 109.876.024,97 euros, dándose desta forma cumprimento ao establecido no punto 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

	<b>ENTIDADE</b>
Ingresos (recursos iniciais)	125.020.077,77
Gastos (créditos iniciais)	125.020.077,77
Diferencia	0,00

Sobre o orzamento aprobado para o exercicio tramitaronse un total de 58 expedientes de modificación de créditos.

- 9 expedientes de créditos extraordinarios
- 6 expedientes de suplemento de crédito
- 10 expedientes de incorporación de remanentes de crédito
- 17 expedientes de transferencias de crédito
- 15 expedientes de xeración de créditos
- 1 expediente de ampliación de crédito

O total das modificacións levadas a cabo sobre os créditos iniciais do Orzamento inicial ou preventivo, ascenderon a un total de 37.759.810,04 euros, o que supuxo un 30,20% do orzamento inicial autorizado para o exercicio económico do 2021.

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito financiáronse con baixas por anulación por importe de 2.225.546,43 euros e con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 2.792.853,92 euros.

- Expediente crédito extraordinario 2021/CREXT/03. Neste expediente se dotaron créditos extraordinarios por importe total de 1.554.000,00 euros, dos cales 1.404.000,00 euros tiñan como finalidade atender gastos correntes derivados dun programa de axudas ao comercio local orientadas ao mantemento da actividade económica e de emprego neste ámbito, e por outra banda e por importe de 150.000,00 euros para dar cobertura a gastos derivados de actividades a desenvolver tamén nese ámbito do total de tales créditos orzamentarios por importe total de 1.554.000,00 euros financiáronse con Remanente de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do ano 2020 a contía de 1.154.000,00 euros e o resto, isto é, a contía de 400.000,00 euros mediante baixas por anulación.
- Expediente 2021/SUPLE/02. Iste suplemento de crédito que importaba a cifra total de 1.304.000,00 euros financiouse na súa totalidade con Remanente de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación orzamentaria do 2020, e tiñan como finalidade atender a gastos derivados dunha liña de axudas para o fomento do consumo no comercio e a hostelería local mediante un sistema de bonos de consumo, é o resto, isto é, a cifra de 1.004.000,00 euros para atender gastos derivados de una liña de subvencións dirixidas aos establecementos da hostelería local para a financiación dos seus gastos de natureza corrente.
- Expediente 2021/CREXT/05. Reconocimiento extrajudicial de créditos por importe de 313.873,59 euros financiando íntegramente con Remanente de Tesourería para gastos xerais.
- Expediente 2021/CREXT/07 Reconocimiento extrajudicial de créditos por importe de 8.466,66 euros financiado íntegramente con Remanente de Tesourería para gastos xerais.
- Expediente 2021/CREXT/10 por importe total de 370.493,48 euros, de los cuales se financian parcialmente por importe de 12.513,47 euros con Remanente de Tesourería para gastos xerais e que tiña como finalidade atender gastos de adquisición de vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental cero e de vehículo eléctricos híbridos ou con etiqueta ambiental ECO e da infraestrutura de recarga para o uso dos vehículos.

Os expedientes por incorporación de remanentes de crédito ascenderon a contía de 31.125.500,46 euros, financiándose con excesos de financiación, compromisos de ingreso é recursos procedentes de préstamos concertados co detalle que se reflicte de seguido:

EXPEDIENTE	IMPORTE €	EXCESOS FINANCIACION	COMPROMISOS INGRESOS	R TESORERIA GTS. XERAIS
	1.427.692,	1.182.334,0		
2021/INCOR/01	59	9	245.358,50	
	2.322.995,	1.107.049,9	1.215.945,9	
2021/INCOR/02	92	8	4	
	4.096.063,	2.732.711,3	1.363.351,7	
2021/INCOR/03	08	6	2	
	6.176.570,			6.176.570
2021/INCOR/04	35			,35
	4.579.353,	2.687.053,2	1.892.300,7	
2021/INCOR/05	99	4	5	
	3.669.451,		2.812.622,0	
2021/INCOR/06	45	856.829,40	5	
2021/INCOR/07	56.789,83	56.789,83		
2021/INCOR/08	2.500,00	2.500,00		
	3.987.544,	3.764.190,1		
2021/INCOR/09	04	1	223.353,93	
	4.806.539,	4.629.116,2		
2021/INCOR/010	21	9	177.422,92	
	31.125.500	17.018.574,	7.930.355,8	6.176.570
TOTAL	,46	30	1	,35

As transferencias de crédito tanto positivas como negativas acadaron a cifra de 2.466.595,28 euros, verificando a compensación entre a contía das aplicación orzamentarias que recibiron crédito coas aplicacións orzamentarias que reduciron a súa consignación para ceder o crédito correspondente é eloen cada un dos expedientes tramitados nesta modalidade de modificación orzamentaria.

Os expedientes de xeración de créditos por ingresos financiaronse con subvencións de outras instancias administrativas, co detalle que se reflicte de seguido:

EXPEDIENT	DESCRIPCION	TOTAL IMPORTE €	ADMON AUTONOMIC A IMPORTE €	ADMON PROVINCIAL IMPORTE €	CONSORCI O IMPORTE €	ADMON ESTADO IMPORTE €
2021/XENER /5	Actuacións en materia de residuos de competencia municipal	229.800,0 0	229.800,00			
2021/XENER /6	Eixos 2 a 4 Plan Reactiv.economica C.Santiago	1.000.000,0 00		1.000.000,0 0		
2021/XENER /7	Fogos do apostolo 2021	300.000,0 0			300.000,0 0	
2021/XENER /8	Proxecto SMARTIAGO	879.355,6 0				879.355,6 0
2021/XENER /9	Programa contratacion mulleres violencia xénero	96.255,60	96.255,60			
2021/XENER /10	Novidades bibliográficas e melloras coleccións bibliográficas	8.113,65	8.116,65			

2021/XENER		123.600,0			123.600,0
/11	Proxecto SMARTIAGO	0			0
2021/XENER	Plan mellora camiños municipais acceso parcelas				
/12	agrícolas	27.012,00	27.012,00		
2021/XENER		160.310,2			
/13	POS+ 2021 Pago provedores	6		160.310,26	
2021/XENER	Actuacións en materia de inclusión dixital Rede				
/14	CeMIT	15.000,00	15.000,00		
2021/XENER		153.230,7			
/15	Obradoiro de emprego Santiago Sustentable III	0	153.230,70		
2021/XENER		143.830,0			
/16	Contrat.temporal desempregados RISGA	6	143.830,06		
2021/XENER					
/17	Proxecto Rehabilitación firme na Rúa Edinson	96.000,00	96.000,00		
2021/XENER		104.895,9			
/18	Obradoiro de emprego CREAS IV	5			
2021/XENER		215.534,7			215.534,7
/19	Proxecto SMARTIAGO	0			0
		3.552.938,		1.160.310,2	300.000,0
	TOTAL	52	769.245,01	6	0
					1.218.490,30

Finalmente tramitouse un expediente de ampliación de crédito por importe de 288.517,53 euros que incrementou as aplicación de investimentos correspondentes a gastos afectados a ingresos obtidos de contribucións especiais polo servizo de extinción de incendios, derivados do Convenio suscrito entre esta Administración municipal e a Xestora de concertos para a contribución do servizo de extinción de incendios-A.I.E, para a liquidación e recaudación da contribución especial polo establecemento, mellora e ampliación dos servizos de prevención e extinción de incendios. Estes ingresos son de natureza tributaria e pertencen a categoría de contribucións especiais, tendo carácter afectado é non podendo financiar ningún outro gasto diferente dos que determinan a súa aplicación, en concreto gastos de investimento para a ampliación e mellora do servizo municipal de extinción de incendios. Os créditos que amparan estes gastos afectados teñen sido declarados como ampliables pola base 18ª das de execución dos orzamentos en orde a posibilitar as modificacións a alza que sexan precisas no estado de gastos derivadas dunha maior recaudación destes ingresos finalistas sobre os inicialmente previstos.

O detalle das modificacións de crédito tramitadas e aprobadas no exercicio e o seu importe total contense no cadro que figura de seguido:

<b>MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>IMPORTE €</b>
CREDITOS EXTRAORDINARIOS	2.861.285,34
SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	2.157.115,01
AMPLIACIÓN DE CRÉDITO	288.517,03
TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POSITIVAS	2.466.595,28
TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO NEGATIVAS	-2.466.595,28
INCORPORACIÓN REMANENTES DE CRÉDITO	31.125.500,47
CREDITOS XERADOS POR INGRESOS	3.552.938,62
BAIXAS POR ANULACIÓN	-2.225.546,43
AXUSTES PRORROGA	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>37.759.810,04</b>

Finalmente, como consecuencia de ditas modificacións o Orzamento definitivo resumido sería o seguinte:

	<b>ENTIDADE</b>
Ingresos (recursos definitivos)	162.779.888,51
Gastos (recursos definitivos)	162.779.888,51
Diferencia	0,00

Manténdose, en consecuencia, o requisito formal da non existencia de déficit entre ingresos e gastos orzamentarios, como require a normativa reguladora das facendas locais.

## **SEGUNDA.- Xestión orzamentaria. Indicadores de xestión orzamentaria.**

Estes indicadores valoran o resultado da xestión orzamentaria efectuada, informando sobre o grado en que as previsións definitivas de ingresos teñen dado lugar a liquidación de dereitos e os créditos definitivos teñen producido o recoñecemento contable de obrigas.

Asemesmo, amosan o proceso ou grado de conversión en liquidez dos dereitos de cobro liquidados e o ritmo de pago das obrigas.

O comportamento destes índices no exercicio a que se refire a liquidación que se informa e dos dous exercicios anteriores a iste, ten sido o seguinte:

	<b>2021</b>	<b>2020</b>	<b>2019</b>
Execución de ingresos	71,61	69,86	75,52
Execución de gastos	61,59	67,74	75,19
Recaudación ingresos correntes	93,18	91,91	91,32
Pagos dos gastos correntes	89,99	80,90	90,76

Polo que se refire o índice de execución dos ingresos, resulta necesario eliminar do seu cálculo a financiación derivada da utilización do Remanente de Tesourería do exercicio anterior como recurso de financiación de modificacións orzamentarias durante o exercicio, dado que ista financiación forma parte das previsións definitivas pero non así dos dereitos recoñecidos netos.

O reflexo contable dista financiación aparece no Capítulo VIII do estado de ingresos, concretamente no concepto 870 incrementando as previsións definitivas do mesmo como consecuencia da modificación orzamentaria que financian, pero non así como estamos a decir os dereitos recoñecidos netos. O Remanente de Tesourería utilizado nos tres últimos exercicios segundo a información que ofrece o concepto citado ten sido o seguinte:



	2021	2020	2019
870 Remanente de Tesoureria	25.987.998,57	24.369.315,22	23.390.174,56

Axustadas as previsións definitivas, mediante a eliminación desta financiación, o grado de execución do total do estado de ingresos do orzamento correspondente a cada un dos exercicios sería o seguinte:

No que concierne o índice de execución dos gastos expresa a porcentaxe que supón as obrigas recoñecidas con cargo o orzamento de gastos do exercicio corrente en relación co volumen de créditos definitivos.

En canto os índices de pago de gastos e de recaudación de ingresos do orzamento corrente, como aspectos relevantes destacamos que o grado de execución dos cobros se incrementa lixeiramente respecto os exercicios anteriores é en cuanto os pagos se produce unha considerable mellora no exercicio que se liquida en relación co anterior do 2020. En ambos os dous casos, como indicamos se fai referencia o orzamento do exercicio corrente, sin tomar en consideración as cifras pendentes de cobro e pago da agrupación contable de orzamentos pechados.

Resulta conveniente en relación con estes índices e fundamentalmente daqueles que informan en términos de execución orzamentaria, observar o seu comportamento separando as operacións correntes das operacións de capital, así como as operacións financeiras das non financeiras, dado que no caso por exemplo dos gastos de persoal, de compras de bens correntes e servizos e en menor medida os gastos financeiros, o seu planificación pode realizarse cun razoable grado de precisión, dado que son partidas facilmente predecibles, o que non ocorre no caso das operacións de capital que poden vir condicionadas por dilatados períodos de execución dos investimentos, en canto que non adoitan finalizar o seu execución no exercicio que se inicia provocando unha elevada incorporación de remanentes de crédito nos exercicios seguintes, que orixinan un atraso na realización do correspondente gasto e proxecto con respecto á previsión inicial.

A tal efecto incluímos de seguido, para cada un dos tres anos, a execución dos estados de ingresos e gastos do orzamento municipal a nivel de capítulo da clasificación económica en termos de dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas netas.

## 2021

INGRESOS ORZAMENTARIOS	PREVISIÓN DEFINITIVA	DEREITOS RECOÑECIDOS	% EXECUCIÓN	RECAUDACION NETA	% RECAUDACIÓN
1. Impostos directos	48.558.956,77	48.163.632,08	99,19	45.049.522,62	93,53
2. Impostos indirectos	3.752.916,54	4.067.010,08	108,37	3.598.531,84	88,48
3. Taxas, precios públicos e outros ingresos	19.904.849,09	18.148.570,72	91,18	15.645.610,24	86,21
4. Transferencias correntes	36.541.182,33	35.609.944,66	97,45	33.791.064,27	94,89
5. Ingresos patrimoniais	357.517,20	302.414,27	84,59	258.101,09	85,35
OPERACIÓN CORRENTES	109.115.421,93	106.291.571,81	97,41	98.342.830,06	92,52
6. Enaxenación de investimentos reais	2.128.434,00	0,00	0,00	0,00	#iDIV/0!
7. Transferencias de capital	9.392.097,45	4.456.374,61	47,45	4.456.374,61	100,00
NON FINANCIEROS	120.635.953,38	110.747.946,42	91,80	102.799.204,67	92,82
8. Activos financeiros	26.052.998,57	28.050,90	0,11	28.050,90	100,00
9. Pasivos financeiros	16.090.936,56	5.785.254,39	35,95	5.785.254,39	100,00
FINANCIEROS	42.143.935,13	5.813.305,29	13,79	5.813.305,29	100,00
TOTAL	162.779.888,51	116.561.251,71	71,61	108.612.509,96	93,18

**2021**

<b>GASTOS ORZAMENTARIOS</b>	<b>CREDITOS DEFINITIVOS</b>	<b>OBRIGAS RECOÑECIDAS</b>	<b>% EXECUCIÓN</b>	<b>PAGOS LIQUIDOS</b>	<b>% PAGOS</b>
1. Gastos de persoal	35.479.542,44	32.772.947,32	92,37	32.239.796,50	98,37
2. Gastos correntes en bens e servizos	51.941.163,81	36.247.191,75	69,79	29.965.327,32	82,67
3. Gastos financeiros	656.031,13	226.352,45	34,50	209.157,74	92,40
4. Transferencias correntes	22.143.715,04	18.486.405,25	83,48	16.665.874,33	90,15
5. Fondo de contingencia e outros imprevistos	100.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>CORRENTES</b>	<b>110.320.452,42</b>	<b>87.732.896,77</b>	<b>79,53</b>	<b>79.080.155,89</b>	<b>90,14</b>
6. Investimentos reais	42.770.782,62	8.935.731,03	20,89	8.252.687,00	92,36
7. Transferencias de capital	5.718.877,13	962.038,69	16,82	283.726,11	29,49
<b>NON FINANCIEROS</b>	<b>158.810.112,17</b>	<b>97.630.666,49</b>	<b>61,48</b>	<b>87.616.569,00</b>	<b>89,74</b>
8. Activos financeiros	122.198,00	81.189,77	66,44	81.189,77	100,00
9. Pasivos financeiros	3.847.578,34	2.547.555,12	66,21	2.523.766,68	99,07
<b>FINANCIEROS</b>	<b>3.969.776,34</b>	<b>2.628.744,89</b>	<b>66,22</b>	<b>2.604.956,45</b>	<b>99,10</b>
<b>TOTAL</b>	<b>162.779.888,51</b>	<b>100.259.411,38</b>	<b>61,59</b>	<b>90.221.525,45</b>	<b>89,99</b>

INGRESOS ORZAMENTARIOS	2020				
	PREVISIÓN DEFINITIVA	DEREITOS RECOÑECIDOS	% EXECUCIÓN	RECAUDACION NETA	% RECAUDACIÓN
1. Impostos directos	48.543.650,37	47.595.759,25	98,05	44.749.929,25	94,02
2. Impostos indirectos	4.328.197,78	2.700.730,54	62,40	2.451.739,04	90,78
3. Taxas, precios públicos e outros ingresos	20.081.243,10	17.292.324,42	86,11	14.036.262,73	81,17
4. Transferencias correntes	33.557.587,69	32.371.188,51	96,46	30.606.362,81	94,55
5. Ingresos patrimoniais	363.079,20	480.790,93	132,42	473.640,31	98,51
OPERACIÓNS CORRENTES	106.873.758,14	100.440.793,65	93,98	92.317.934,14	91,91
6. Enaxenación de investimentos reais	5.263.628,88	2.542.528,76	0,00	2.542.528,76	100,00
7. Transferencias de capital	8.809.316,14	168.254,18	1,91	168.254,18	100,00
NON FINANCIEROS	120.946.703,16	103.151.576,59	85,29	95.028.717,08	92,13
8. Activos financeiros	24.434.315,22	40.203,99	0,16	40.203,99	100,00
9. Pasivos financeiros	7.543.699,27	3.636.974,65	48,21	3.636.974,65	100,00
FINANCIEROS	31.978.014,49	3.677.178,64	11,50	3.677.178,64	100,00
TOTAL	152.924.717,65	106.828.755,23	69,86	98.705.895,72	92,40

2020

<b>GASTOS ORZAMENTARIOS</b>	<b>CREDITOS DEFINITIVOS</b>	<b>OBRIGAS RECOÑECIDAS</b>	<b>% EXECUCIÓN</b>	<b>PAGOS LIQUIDOS</b>	<b>% PAGOS</b>
1. Gastos de persoal	34.217.126,48	32.650.465,62	95,42	30.890.923,94	94,61
2. Gastos correntes en bens e servizos	51.339.973,72	42.598.684,09	82,97	32.706.849,97	76,78
3. Gastos financeiros	431.913,12	256.687,94	59,43	144.281,48	56,21
4. Transferencias correntes	19.200.540,17	15.175.141,45	79,03	9.614.909,66	63,36
5. Fondo de contingencia e outros imprevistos	173.456,25	0,00		0,00	
<b>CORRENTES</b>	<b>105.363.009,74</b>	<b>90.680.979,10</b>	<b>86,07</b>	<b>73.356.965,05</b>	<b>80,90</b>
6. Investimentos reais	37.355.964,84	8.162.397,72	21,85	6.025.813,32	73,82
7. Transferencias de capital	7.271.121,08	1.854.452,27	25,50	57.466,81	
<b>NON FINANCIEROS</b>	<b>149.990.095,66</b>	<b>100.697.829,09</b>	<b>67,14</b>	<b>79.440.245,18</b>	<b>78,89</b>
8. Activos financeiros	70.000,00	29.348,74	41,93	29.348,74	100,00
9. Pasivos financeiros	2.864.621,99	2.864.621,98	100,00	2.477.116,66	86,47
<b>FINANCIEROS</b>	<b>2.934.621,99</b>	<b>2.893.970,72</b>	<b>98,61</b>	<b>2.506.465,40</b>	<b>86,61</b>
<b>TOTAL</b>	<b>152.924.717,65</b>	<b>103.591.799,81</b>	<b>67,74</b>	<b>81.946.710,58</b>	<b>79,11</b>

**2019**

<b>INGRESOS ORZAMENTARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DEFINITIVA</b>	<b>DEREITOS RECOÑECIDOS</b>	<b>% EXECUCIÓN</b>	<b>RECAUDACION NETA</b>	<b>% RECAUDACIÓN</b>
1. Impostos directos	47.547.635,68	48.057.760,74	101,07	45.274.323,99	94,21
2. Impostos indirectos	4.144.278,52	4.218.269,81	101,79	3.830.445,05	90,81
3. Taxas, precios públicos e outros ingresos	19.764.950,14	19.387.748,80	98,09	15.652.572,29	80,73
4. Transferencias correntes	31.606.266,11	31.014.387,12	98,13	28.459.930,03	91,76
5. Ingresos patrimoniais	368.079,20	-27.218,53	-7,39	-51.210,77	188,15
OPERACIÓNS CORRENTES	103.431.209,65	102.650.947,94	99,25	93.166.060,59	90,76
6. Enaxenación de investimentos reais	783.462,09	414.910,83	52,96	414.910,83	0,00
7. Transferencias de capital	8.769.720,88	3.340.484,62	38,09	3.340.484,62	100,00
NON FINANCIEROS	112.984.392,62	106.406.343,39	94,18	96.921.456,04	91,09
8. Activos financeiros	23.470.174,56	52.003,30	0,22	52.003,30	100,00
9. Pasivos financeiros	8.326.308,95	2.874.304,94	34,52	2.874.304,94	100,00
FINANCIEROS	31.796.483,51	2.926.308,24	9,20	2.926.308,24	100,00
TOTAL	144.780.876,13	109.332.651,63	75,52	99.847.764,28	91,32

GASTOS ORZAMENTARIOS	2019				
	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	PAGOS LIQUIDOS	% PAGOS
1. Gastos de persoal	33.562.629,41	30.373.195,94	90,50	29.051.050,48	95,65
2. Gastos correntes en bens e servizos	50.117.227,53	42.717.413,81	85,23	38.633.386,72	90,44
3. Gastos financeiros	802.850,64	461.759,27	57,51	336.040,81	72,77
4. Transferencias correntes	14.431.050,60	13.377.680,48	92,70	10.749.848,47	80,36
5. Fondo de contingencia e outros imprevistos	100.000,00	0,00		0,00	
CORRENTES	99.013.758,18	86.930.049,50	87,80	78.770.326,48	90,61
6. Investimentos reais	23.262.866,52	6.329.397,29	27,21	5.038.433,88	79,60
7. Transferencias de capital	7.167.117,63	309.902,17	4,32	84.902,29	27,40
NON FINANCIEROS	129.443.742,33	93.569.348,96	72,29	83.893.662,65	89,66
8. Activos financeiros	80.000,00	41.638,74	52,05	41.638,74	100,00
9. Pasivos financeiros	15.257.133,80	15.255.578,90	99,99	14.868.073,58	97,46
FINANCIEROS	15.337.133,80	15.297.217,64	99,74	14.909.712,32	97,47
TOTAL	144.780.876,13	108.866.566,60	75,19	98.803.374,97	90,76

No referente a agrupación contable de orzamentos pechados, no cadro que se inserta de seguido se informa da evolución da relación de debedores de orzamentos pechados no exercicio que se liquida e os correspondentes porcentaxes de xestión e cobro:

#### INGRESOS CERRADOS

#### IMPORTES €

Pendente cobro 1-1-2021	32.950.964,73
Rectificacións en aumento	32.296,54
Rectificacións en baixa	32.132,56
Pendiente de cobro exercicio	32.951.128,71
Dereitos anulados	1.336.674,13
Dereitos cancelados	1.316.066,61
Total dereitos anulados e cancelados	2.652.740,74
Dereitos recaudados	6.676.659,39
Pendente de cobro 31-12-2021	23.621.728,58
% Gestión	28,74%
% Recaudación	22,60%

En relación cos pagos o saldo inicial de obrigas e pagos ordeados pendentes, así como os pagos realizados e o saldo final de obrigas recoñecidas a nivel agregado ten sido o seguinte:

OBRIGAS PDTE 1-XANEIRO	PAGOS PDTES 1-XANEIRO	TOTAL OBRIG 1-XANEIRO	PAGOS REALIZADOS	OBRIGAS PDTES 31-DECEMBRO	% PAGOS
22.457.481,22	17.762,97	22.475.244,19	21.902.949,21	572.294,98	97,45

### TERCEIRA.- Resultado orzamentario.



<b>RESULTADO ORZAMENTARIO</b>	<b>2021</b>	<b>2020</b>	<b>2019</b>
1.- Dereitos recoñecidos netos	116.561.251,71	106.828.755,23	109.332.651,63
2.- Obrigas recoñecidas netas	100.259.411,38	103.591.799,81	108.866.566,60
3.- Resultado antes de axustes ( 1 - 2)	16.301.840,33	3.236.955,42	466.085,03
4.- Gastos financiados con Remanente líquido	5.632.307,50	4.690.594,62	13.663.893,00
5.- Desviacións negativas	6.389.272,05	6.135.059,58	2.714.548,04
6.- Desviacións positivas	8.294.857,00	6.535.142,90	5.735.498,75
7.- Resultado axustado (3 + 4 +5 + 6)	20.028.562,88	7.527.466,72	11.109.027,32

O Resultado Orzamentario ou superávit/déficit do exercicio, é unha magnitude fluxo que se refire exclusivamente a operacións orzamentarias e que compara o estado de gastos e ingresos do orzamento do exercicio corrente en termos de execución, enfrentando os ingresos liquidados coas obrigas recoñecidas durante o exercicio, poñendo de manifesto en que medidas os ingresos obtidos o longo do exercicio orzamentario conseguiron dar cobertura os gastos xerados durante o mesmo, presentando na liquidación que se informa, unha vez axustado, valores positivos por importe de 20.028.562,88 euros, o que supón que os dereitos recoñecidos netos superaron as obrigas recoñecidas netas no indicado importe, e decir, os recursos obtidos durante o exercicio permitiron a financiación de todas as obrigas recoñecidas durante o mesmo, pagadas e non pagadas, existindo ademais un exceso de recursos, por cuantía equivalente o Resultado orzamentario obtido.

Outra forma de presentación do Resultado Orzamentario do exercicio, é a través da denominada conta financeira que consiste na agrupación por masas orzamentarias correntes e de capital. Así:

### Superávit/ Déficit de las masas corrientes

1. Impostos directos	48.163.632,08
2. Impostos indirectos	4.067.010,08
3. Taxas e outros ingresos	18.148.570,72
4. Transferencias correntes	35.609.944,66
5. Ingresos patrimoniais	302.414,27
TOTAL	106.291.571,81
menos: contribucións especiais	702.312,69
menos: Ingr.corr.atipicos e/ou financ.con op.capital	120.535,94
TOTAL INGRESOS CORRENTES	105.468.723,18
1. Gastos de persoal	32.772.947,32
2. Compra de bens correntes e servizos	36.247.191,75
3. Gastos financeiros	226.352,45
4. Transferencias correntes	18.486.405,25
TOTAL GASTOS CORRENTES	87.732.896,77
AFORRO BRUTO	17.735.826,41
Gastos de capital financeiro Cap. 9 de gastos	2.547.555,12
Menos: Amortización anticipada	0,00
TOTAL GASTO DE CAPITAL FINANCIEIRO	2.547.555,12
<b>SUPERÁVIT DE OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>15.188.271,29</b>

En primeiro termo determinamos o Superávit/Déficit das masas correntes, por diferenca entre os ingresos correntes e os gastos de igual natureza o que nos proporciona a cifra de aforro bruto ou saldo primario, do cal deducido o importe da amortización do capital pendente de reembolso por operacións financeiras no exercicio, isto e, a amortización efectiva da débeda financeira no exercicio, nos informa sobre o superávit por operacións correntes e que determina un equilibrio básico en orde a non incurrir en remanentes de tesourería negativos. O Superávit por operacións correntes que reflicte a taboa que antedece debe entenderse como un excedente que ten como destino a financiación doutras actividades.

Por outra banda o total de ingresos de capital non financeiros menos os gastos de capital non financeiro, mais a variación neta de activos financeiros (diferencia entre os capitulos 8 de ingresos e gastos) mais o endebedamento do exercicio (Capitulo 9 de ingresos) nos informa sobre o déficit das masas orzamentarias correspondentes a operacións de capital.

Do cadro que se inserta de seguido se desprende en primeiro termo un déficit por operacións de capital non financeiras que se traduce nunha necesidade de financiación por importe de 4.618.546,48 euros, isto é, os ingresos obtidos das desinversións e transferencias de capital non teñen sido suficientes para financiar os gastos en formación de capital, que se concretan en investimentos e en menor contía en transferencias de capital no exercicio.

### **Superávit/ Déficit das masas de capital**

6. Enaxenación de investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	4.456.374,61
TOTAL	4.456.374,61
Mais Contribucións especiais	702.312,69
Outros ingr.correnes que financian gastos de capital	120.535,94
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL	5.279.223,24
6.- Investimentos reais	8.935.731,03
7.- Transferencias de capital	962.038,69
GASTOS DE CAPITAL	9.897.769,72
NECESIDADE DE FINANCIACIÓN	-4.618.546,48
8. Variación activos financi. (VIII I - VIII G)	-53.138,98
9. Pasivos financeiros (IX ingresos)	5.785.254,39
SALDO FINANCIERO	5.732.115,41
<b>SUPERÁVIT EN OPERACIONS DE CAPITAL</b>	<b>1.113.568,93</b>

A suma do superávit por operacións de natureza corrente e das operacións de capital indican os o superávit do exercicio sin axustar ou resultado orzamentario do exercicio anterior sin axustar.

**SUPERAVIT TOTAL** **16.301.840,22**

Polo tanto esta Administración municipal ten xerado no exercicio 2021 un superávit polo importe expresado, o que significa que os dereitos recoñecidos netos, - que teñen suposto ou supoñeran cobros (entrada de tesourería) -, son maiores que as obrigas recoñecidas no exercicio - que teñen implicado ou implicarán ter que pagalas (saida de tesourería).

Agora ben, cousa diferente é que iste superávit orzamentario do exercicio xere disponibilidades de financiación para dito exercicio. Se pode estar en situación de superávit e non necesariamente xerar disponibilidades de financiación e do mesmo xeito se pode estar en situación de déficit e non necesariamente xerar necesidades de financiación.

E efecto, o resultado orzamentario total así obtido debe ser obxecto de axuste en función de:

- Obrigas recoñecidas no exercicio financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais. Procede un axuste positivo, na medida en que os gastos recoñecidos e así financiados, isto é, con recursos procedentes de exercicios anteriores, distorsionan o resultado orzamentario, na medida en que o incluírse como un maior gasto no resultado non teñen a súa contrapartida en ingresos do exercicio. E dicir, istes gastos implican que orzamentariamente se incurra en déficit, debido a que se recoñecen obrigas e non dereitos do exercicio, pero non se xera necesidade financeira algunha no exercicio dado que tales obrigas ou gastos se financian con Remanente de Tesourería, isto é, con excedentes xerados con superávits de exercicios anteriores e non do propio exercicio.
- Desviacións en gastos con financiación afectada ou finalista. Trátase de aqueles proxectos en donde existe unha correlación entre os gastos e os ingresos que os financian e cuxos importes recoñecidos non coinciden temporalmente no mesmo exercicio orzamentario. Esta diferenza temporal no recoñecemento pode provocar dúas situacións diferentes:
  - Desviacións de financiación afectada positiva: Procede un axuste negativo no Resultado orzamentario, o tratarse de aqueles casos no que se recoñece o ingreso afectado no exercicio por un importe superior o gasto que financia.
  - Desviacións de financiación afectada negativas. E o caso inverso o anterior, polo que procede un axuste de sino positivo, aumentando o resultado orzamentario o incluírse o gasto afectado por maior importe que o ingreso que lle da cobertura específica na liquidación do exercicio.

En base o exposto teremos:

**RESULTADO ORZAMENTARIO**

**2021**

1. Dereitos recoñecidos netos	116.561.251,71
2. Obrigas recoñecidas netas	100.259.411,38
3. Resultado antes de axuste (1 - 2)	16.301.840,33
4. Gastos financiados con Remanente líquido	5.632.307,50
5. Desviacións negativas	6.389.272,05
6. Desviacións positivas	8.294.857,00
7. Resultado axustado (3 + 4 + 5 + 6)	20.028.562,88

Finalmente esta magnitude así obtida debe ser obxecto de un último axuste os efectos de correxir a distorsión que sobre a mesma producen aqueles gastos realizados e devengados no exercicio pero que non tiveron reflexo orzamentario e así determinar o valor real do Resultado orzamentario do exercicio.

A tal efecto, debe axustarse no importe dos gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento. Esta información se obtén da contabilidade financeira e concretamente da conta 413. Acreedores por operacións devengadas a través das súas divisionarias.

Istes gastos realizados no exercicio pendentes de imputación orzamentaria ascenderon a 8.256.814,84 euros

Por tanto, teremos:

Valor contable Resultado Orzamentario axustado	20.028.562,88
Gastos realizados pendentes de aplicar a orzamento	8.256.814,84
Valor real Resultado Orzamentario axustado	11.771.748,04

Que nos pon de manifesto o valor correxido en función do principio do devengo dos criterios de imputación de gastos e que permiten a

determinación desta magnitude orzamentaria fluxo que, como xa indicamos, compara os dereitos e as obrigas recoñecidas durante o exercicio correspondente.

O importe do valor contable do Resultado orzamentario que arroxa a liquidación do exercicio 2021 a que se refire o presente informe, determina, en definitiva, un superávit ou excedente que formará parte do Remanente de Tesourería, implicando un impacto positivo sobre o mesmo.

#### **CUARTA.- Remanentes de crédito.**

Os Remanentes de crédito mostran os importes dos diferentes créditos non gastados o peche do exercicio. O seu cálculo pode efectuarse por diferenza entre os créditos definitivos e as obrigas recoñecidas e en calquera caso veñen dados pola suma dos seguintes saldos:

- Saldos de créditos
- Saldos de autorizacións; e
- Saldos de compromisos ou disposicións.

Nos estados contables que se inclúen no expediente administrativo de liquidación do Orzamento do exercicio 2019 inclúense os correspondentes os Remanentes de crédito por aplicacións orzamentarias, distinguindo entre os comprometidos e non comprometidos e os incorporables e non incorporables.

Da documentación incorporada o expediente dedúcese un total de remanentes de 62.220.477,13 euros, fronte os 45.862.885,43 euros do ano anterior, pola totalidade dos saldos anteriores.

Os Remanentes incorporables constitúen unha excepción o principio de anualidade orzamentaria, o cal establece que procederá a anulación dos créditos que o último día do exercicio non estén afectados o cumprimento de obrigas, si ben poderán incorporarse o exercicio inmediatamente seguinte, sempre que existan suficientes recursos financeiros, os seguintes créditos (artigo 175 TRLRHL):

- Transferencias e créditos adicionais concedidos no último trimestre.
- Créditos correspondentes a gastos dispuestos ou comprometidos, para os que, por as razóns que foran, no se ten recoñecido a obriga.
- Créditos por operacións de capital; e

- Créditos vencellados a ingresos afectados ou finalistas. Estos deben incorporarse con carácter obligatorio e sen límites no número de exercicios de incorporación, salvo que se desista total ou parcialmente de continuar a sua execución.

Frente os remanentes de crédito non incorporables que determinan unha pérdida ou retraso na capacidade de gasto dado que como temos indicado os créditos non gastados, con carácter xeral, se anulan a fin de exercicio, os susceptibles de incorporación e os de incorporación obrigatoria non implican a pérdida dos mesmos, senon que implican un retraso na realización do gasto con respecto a previsión inicial, dado que son incorporados o orzamento do exercicio seguinte xuntamente coa financiación que lles daba cobertura. A estes efectos, debe matizarse que se ten verificado por quen suscribe iste informe que os expedientes de incorporación de créditos tramitados e aprobados nos últimos anos inclúen remanentes de crédito afectados de incorporación obrigatoria e financiados con excedentes de financiación afectada, - aforro e Remanente de Tesourería afectado -, ou con compromisos firmes de aportación concertados en exercicios anteriores e non materializados, e tamen inclúen no ano 2020 e no ano da liquidación que se informa compromisos debidamente adquiridos en exercicios anteriores de incorporación potestativa a financiar con Remanente de Tesorería para Gastos Xerais, como consecuencia da suspensión das regras de consolidación fiscal, o que non acontecía en anos anteriores o do 2020.

## **QUINTA.- Remanente de Tesourería.**

### **REMANENTE DE TESOURERIA**

**2021**

**2020**

**2019**



1. Fondos líquidos de Tesoureria	51.369.746,41	44.304.780,88	34.776.948,12
2. Dereitos pendentes de cobro	32.043.223,74	33.521.518,52	34.455.640,11
3. Obrigas pendentes de pago	19.722.134,41	31.473.666,75	20.811.768,90
4. Partidas pendentes de aplicación	5.159.095,42	1.379.101,62	4.766.478,13
5. Remanente Tesoureria Total (1 + 2 - 3 - 4)	58.531.740,32	44.973.531,03	43.654.341,20
6. Provisión para insolvencias	17.642.852,89	18.550.588,85	18.933.936,28
7. Excesos de financiación afectada	17.657.411,26	17.416.949,28	13.008.939,72
8. Remanente Tesoureria Gts Xerais (5 - 6 - 7)	23.231.476,17	9.005.992,90	11.711.465,20

O Remanente de Tesourería vén regulado no artigo 191.2 do TRLRHL; 101 a 104 do RD 500/90 e as Regras 81 a 86 ICAL. Dispoñen os preceptos citados que o Remanente de Tesourería estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todo iso referido ao 31 de decembro do exercicio.

Os fondos líquidos, vén determinados polo efectivo e os saldos monetarios que esta Administración municipal mantén en entidades de depósito e financeiras e que contablemente rexístranse en contas do subgrupo 57 de efectivo e activos líquidos equivalentes.

Polo que respecta aos Dereitos pendentes de cobro e Obrigas pendentes de pago, que inclúen os xerados no exercicio corrente que se pecha, así como os procedentes da agrupación de exercicios pechados e os de carácter non orzamentario, da análise da evolución dos mesmos durante o exercicio cuxa liquidación se informa, despréndese a necesidade de cando menos levar a cabo unha depuración do pendente de pago.

Así en efecto, no cadro seguinte amosase a situación inicial do pendente de pago de exercicios pechados o comezo do exercicio 2021 por anos de orixe das obrigas pendentes, as pagadas no exercicio e por diferenza a situación das mesmas a data de peche, isto e, a 31 de decembro do 2021:

## **PAGOS PECHADOS**

ANUALIDADE	OBRIGAS PDTES 1-XANEIRO	PAGOS PDTES 1-XANEIRO	TOTAL OBRIGAS 1-XANEIRO	PAGOS REALIZADOS	OBRIGAS PDTES 1-XANEIRO
2006	0,00	3.147,13	3.147,13	0,00	3.147,13
2010	84.919,21	0,00	84.919,21	0,00	84.919,21
2011	13.589,90	0,00	13.589,90	0,00	13.589,90
2012	1.313,18	0,00	1.313,18	0,00	1.313,18
2013	0,00	210,00	210,00	0,00	210,00
2014	17.617,70	8.351,51	25.969,21	0,00	25.969,21
2015	61.057,31	0,00	61.057,31	0,00	61.057,31
2016	10.457,07	0,00	10.457,07	0,00	10.457,07
2017	4.020,02	0,00	4.020,02	0,00	4.020,02
2018	6.848,20	0,00	6.848,20	0,00	6.848,20
2019	621.785,77	0,00	621.785,77	404.439,68	217.346,09
2020	21.635.872,86	6.054,33	21.641.927,19	21.498.509,53	143.417,66
<b>TOTAL</b>	<b>22.457.481,22</b>	<b>17.762,97</b>	<b>22.475.244,19</b>	<b>21.902.949,21</b>	<b>572.294,98</b>

Da información que ofrece o cadro anterior desprendese a existencia de saldos acreedores en exercicios que estarían incursos no prazo de prescripción e que ditos saldos non teñen experimentado movemento algún o longo do exercicio, cando a posición líquida desta Administración municipal é suficiente para atender o pago ou cancelación dos mesmos.

Polo tanto, e a xuicio do informante se fai necesario levar a cabo unha análise e no seu caso depuración do saldo de ditas obrigas pendentes os efectos de atender debidamente ao principio de necesaria observancia da imaxe fiel na delimitación e cuantificación do Remanente de Tesourería e ca contabilidade municipal.

Respecto do pendente de cobro efectuarase unha análise con ocasión da formación da Conta Xeral a render polo exercicio 2021.

Polo que respecta ás partidas pendentes de aplicación, isto é, cobros e pagos realizados pendentes de aplicación orzamentaria, rexistrados contablemente nas divisionarias das contas 554 e 555, respectivamente, estimamos tamén a necesidade, dada a antigüidade dalgúns saldos, de proceder á súa análise para os efectos de mellorar a bondade da información do sistema contable.

O Remanente de Tesourería Total en base aos cálculos descritos, ascende para o exercicio cuxa liquidación se informa a 58.531.740,32 euros.

O artigo 191.2 TRLRHL e artigos 102 e 103 RD 500/1990 establecen que a cuantificación do Remanente de Tesourería deberá efectuarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando os dereitos de difícil ou imposible recadación.

Polo que respecta á dotación por deterioración dos créditos derivados de debedores orzamentarios que ascende á cifra de 17.642.852,89 euros, determináronse seguindo os criterios contidos no artigo 193 bis do TRLRHL.

Así en efecto, esta Administración municipal non dispón na súa normativa interna financeira de criterios de determinación dos saldos de dubidosa cobro máis restritivos e con carácter alternativo aos criterios e porcentaxes que con carácter de mínimos contéñense no precepto legal citado, o cal foi introducido no TRLRHL polo número uno do artigo segundo da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. Este precepto sinala o seguinte:

*Artículo 193 bis. Derechos de difícil o imposible recaudación.*

*Las Entidades Locales deberán informar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y a su Pleno, u órgano equivalente, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación con los siguientes límites mínimos:*

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuesto de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25 por ciento.*
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuesto del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50 por ciento.*
- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75 por ciento.*
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento.*

Outro axuste a realizar e o correspondente o denominado Remanente de Tesourería para gastos con financiación afectada, destinado a

reflectir aqueles fondos ou dereitos recoñecidos que pola súa natureza finalista ou afectada están predestinados a financiar futuros gastos aú non executados ao peche do exercicio.

Tratase polo tanto, de desviacións positivas de financiación, derivadas de ingresos recoñecidos ou recaudados de carácter finalista para gastos aú non executados ou recoñecidos, e que deberán figurar reflectidos e cuantificados no estado contable do Remanente de tesourería co debido desglose respecto do denominado Remanente de Tesourería para gastos xerais.

Neste senso o artigo 102 do RD 500/90 do 20 de abril, que desenvolve a Lei Reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, dispón no seu apartado 1 que: *"En los supuestos de gastos con financiación afectada en los que los derechos afectados reconocidos superen a las obligaciones por aquellos financiadas, el remanente de tesorería disponible para la financiación de gastos generales de la Entidad deberá minorarse en el exceso de financiación producido"*.

El apartado 2 del mismo precepto señala que *"El citado exceso podrá financiar la incorporación de los remanentes de crédito correspondientes a los gastos con financiación afectada a que se imputan y, en su caso, las obligaciones devenidas a causa de la renuncia o imposibilidad de realizar total o parcialmente el gasto proyectado"*.

Implica, en definitiva, un axuste na obtención do remanente de tesourería para gastos xerais, en cando que se trata da determinación de fondos ou dereitos xa comprometidos nus determinados gastos a executar no futuro, e consecuentemente, non utilizables para outros fins en tanto a entidade non renuncie ou se vexa imposibilitada para a execución de ditos gastos.

En concreto os excesos de financiamento afectado ascenden a 17.657.411,26 euros, os cales, como vimos indicando, veñen determinados polas desviacións de financiamento positivas acumuladas producidas nos proxectos de gastos con financiamento afectado ou finalista. Estes excesos de financiamento configúranse como un recurso para financiar a incorporación de remanentes de crédito de gastos con financiamento finalista (subvencións, Patrimonio municipal do Solo e outros ingresos urbanísticos) cuxa incorporación é obrigatoria por imperativo legal, salvo que se desista de continuar coa execución do proxecto en cuestión.

Deducidos os excesos de financiamento e a dotación de saldos de difícil ou imposible recadación obtense un Remanente de Tesourería para gastos xerais por importe de 23.231.476,17 euros que supón un incremento respecto do obtido no exercicio anterior do 2020 dun 158%. Este Remanente de Tesourería para gastos xerais así obtido representa un 19,93% dos dereitos recoñecidos netos no exercicio 2021 por

operacións correntes, fronte ao 8,97% do exercicio anterior do 2020.

E este Remanente de Tesourería así delimitado e cuantificado constitúe unha magnitude de carácter financeiro que representa o excedente de liquidez a curto prazo que a entidade ten á data de peche do exercicio, isto e, ao 31 de decembro do exercicio que se liquida, representativa do grao de autofinanciación da Administración municipal e determinando o excedente de financiamento de que dispón para afrontar o gasto autorizado e comprometido (Remanentes de crédito) para exercicios vindeiros.

Como todo como é sabido para os exercicios 2020 é 2021 se teñen suspendido as regras fiscais, prorrogándose esta suspensión para o exercicio actual do 2022, é entre os efectos e consecuencias que provoca esta suspensión, se encontra que non é necesario aplicar o destino do superávit a amortizar débeda como regra xeral, nin tampouco resulta de aplicación a regra especial de destinar o superávit a financiación de investimentos financieramente sostibles

O Remanente de tesoureria para gastos xerais non pode formar parte das previsións iniciais do orzamento, de acordo co disposto no artigo 104.4 RD 500/90 de 20 de abril, que desenvolve a Lei de facendas locais en materia de orzamentos. Con todo as modificacións que se tiveran efectuado durante o último trimestre do exercicio a que se refire a liquidación que se informa, isto e, o ano 2021, que no chegaran a ser executadas, poderan incorporarse ao exercicio actual do 2021, ata o límite da contía do Remanente de Tesourería para gastos xerais obtida na liquidación do 2021, que ascende como indicamos a 23.231.476,17 euros.

Finalmente é por outra banda indicar, que o Remanente de Tesourería así exposto é o deducido directamente dos saldos contables e cuantificado segundo o establecido na vixente Instrucción de contabilidade, pero o seu valor informativo pode quedar distorsionado ao non ter en conta o saldo das obrigas vencidas e esixibles pendentes de imputación ao orzamento e que se obteñen do saldo acreedor das divisionarias da conta 413 do Plan Xeral de Contabilidade para a Administración Local. A variación do saldo de dita conta no exercicio 2021, foi o seguinte:

Saldo acreedor a 1 de xaneiro do 2019	737.128,98
Saldo acreedor a 31 de decembro do 2019	8.256.814,84
Variación	-7.519.685,86

Así mesmo debe terse en conta que de acordo coa Instrucción de contabilidade vixente as operacións de devolución de ingresos aprobadas no se reflicten no orzamento sempre que non se fan efectivas, razón pola que deben axustarse os dereitos recoñecidos polo importe dos acredores por devolución de ingresos.

En concreto as devolucíons de ingresos que do total das acordadas no exercicio 2021 están pendentes a 31 de decembro ascenden ao importe de 1.670.142,54 euros.

Por conseguinte, para os efectos de axustar o valor contable do Remanente de Tesourería ao seu valor real, resulta necesario efectuar os seguintes axustes:

**ANO 2021**

Valor contable Remanente Tesourería Gastos Xerais	23.231.476,17
Saldo de obrigas pendentes de aplicar a orzamento	8.256.814,84
Saldo de devolucíons ingresos pendentes de pago	1.670.142,54
Valor Real Remanente Tesourería Gastos Xerais	13.304.518,79

**SEXTA.- Aforro bruto e aforro neto.**

A normativa reguladora da estrutura dos orzamentos das entidades locais, distingue entre gastos e ingresos ordinarios.

Este gastos e ingresos ordinarios, se diferencian dos gastos e ingresos correntes, en que polo que os ingresos se refire estes últimos

non comprenden o importe das contribucións especiais, que a normativa orzamentaria inclúen no Capítulo III de taxas e outros ingresos, na medida en que estes recursos de carácter tributario se atopan afectos legalmente a gastos de investimento, tampouco comprenden aqueles ingresos finalistas destinados a atender operacións de capital e tampouco os ingresos ordinarios previstos nos capítulos 1 a 5 da clasificación económica dos ingresos que pola súa afectación legal a gastos de capital e/ou seu carácter non recorrente non poidan ser calificados como ingresos correntes, é polo que os gastos ordinarios se refire a inclusión nos mesmos das cuotas de amortización das operacións financeiras a atender coas dotacións económicas consignadas no capítulo IX da clasificación económica dos gastos os diferencia dos correntes.

Pois ben a comparación dos ingresos e gastos correntes así delimitados permite deducir si existe aforro, ou diferenza positiva entre recursos e gastos permanentes, o que, indirectamente permite comprobar si existe a afectación legal de recursos a gastos de investimento, cuxa comprobación derivase da confrontación de ingresos e gastos extraordinarios que se diferencian dos de capital da clasificación económica orzamentaria, pola exclusión ou inclusión recíprocas sinaladas anteriormente como se dixo, ao existir ingresos de contribucións especiais, ingresos de carácter extraordinario ou non recorrentes e obrigas derivadas da amortización do endebedamento, debendo terse en conta que estas magnitudes de aforro non son coincidentes co aforro neto legal do artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

No cadro que se amosa de seguido se recollen os cálculos para a determinación destas magnitudes tanto a efectos do orzamento preventivo aprobado para o exercicio como o deducido da execución a 31 de decembro:

	<b>2021</b>	<b>2021</b>
	<b>PREV INICIAIS/ CTOS INICIAIS</b>	<b>DCHOS RECON/ OBRIG RECONOC.</b>
Capítulo I Impostos directos	48.558.956,77	48.163.632,08
Capítulo II Impostos indirectos	3.752.916,54	4.067.010,08

Capitulo 3 Taxas e outros ingresos	19.616.331,36	18.148.570,72
Contribucións especiais	413.794,76	702.312,69
Outros ingr.corr atípicos e/ou financ.gastos capital	0,00	120.535,94
Capitulo 4 Transferencias correntes	33.940.448,54	35.609.944,66
Capitulo 5 Ingresos patrimoniais	357.517,20	302.414,27
1.- TOTAL CAPITULOS	105.812.375,65	105.468.723,18
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 1	35.010.206,93	32.772.947,32
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 2	50.358.241,20	36.247.191,75
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 3	643.620,97	226.352,45
Obrigas recoñecidas netas Capitulo 4	17.432.280,78	18.486.405,25
Importe financiado con Remanente liquido Tesoureria	0,00	3.664.008,46
2.- OBRIGAS RECOÑECIDAS CAPITULOS 1 A 4	103.444.349,88	84.068.888,31
Obrigas recoñecidas capitulo 9	2.844.622,74	2.547.555,12
Amortizacións anticipadas	0,00	0,00
3.- TOTAL OBRIGAS RECOÑECIDAS CAPITULO 9	2.844.622,74	2.547.555,12
4.- ESTABILIDADE BRUTA (1 - 2)	2.368.025,77	21.399.834,87
Ratio de estabilidade bruta (4/1)%	2,24	20,29
5.- ESTABILIDADE NETA (1 - 2 - 3)	-476.596,97	18.852.279,75
Ratio de estabilidade neta (5/1)%	-0,45	17,87

O aforro bruto e o aforro neto financeiro son indicadores orzamentarios que mostran a autonomía financeira da Administración municipal na súa actividade orzamentaria. Estes indicadores permiten avaliar, desde a perspectiva orzamentaria, a cobertura de gastos e en consecuencia a necesidade de ter que recorrer ao endebedamento orzamentario.



O aforro bruto permite determinar a capacidade da Administración municipal para cos ingresos procedentes de operacións correntes facer fronte ao gasto por operación da mesma natureza e xerar recursos financeiros cos que atender ao reembolso da carga financeira anual (amortización anual de pasivos financeiros e xuros da débeda).

O cálculo deste indicador realizase por diferenza entre os ingresos ordinarios e os gastos da mesma natureza, entendendo por tales aqueles que teñen un carácter recorrente e repetitivo, polo que se exclúen do cómputo aqueles ingresos correntes que financian investimentos como as contribucións especiais e determinados ingresos urbanísticos, os gastos financiados con recursos non orixinados no propio exercicio, isto é, os fincaados con Remanente de Tesourería e aqueles ingresos que teñán unha natureza atípica.

O aforro bruto obtido é de sino positivo e ascende a 21.399.834,87 euros, o que implica que, no exercicio 2021, esta Administración municipal cos seus ingresos ordinarios ten dado cobertura aos gastos da mesma natureza, xerando un excedente por aquela contía co que atender a amortización da débeda correspondente ao devandito exercicio, así como o custo do servizo da débeda que se orixinou en exercicios anteriores e que, en principio, utilizouse para financiar investimentos meses exercicios.

O aforro neto financeiro tamén de sino positivo e cun valor de 18.852.279,75, vén determinado pola diferenza entre o aforro bruto e a carga financeira efectiva e constitue un indicador da contribución da execución orzamentaria ao esforzo investidor.

Como xa indicamos anteriormente, este aforro neto financeiro que se corresponde coa realidade de execución orzamentaria, é distinto do aforro neto legal a que se refire o TRLRHL, que é un indicador da capacidade de endebedamento futuro da Corporación. O valor positivo do aforro neto financeiro informanos de que a Administración municipal no exercicio do 2021 cos seus ingresos correntes ten financiado os seus gastos correntes e a carga financeira anual correspondente ao exercicio liquidado, xerando un excedente polo valor acadado.

Como se pode apreciar no cadro anterior, o orzamento do exercicio presentou un aforro neto financeiro negativo, o que determinou que a financiación prevista para os investimentos do exercicio se conformou por ingresos non financeiros de capital e por recursos derivados da apelación o endebedamento, con todo a relevante desviación dun 20,47% entre o orzamentado e o realmente executado en relación ao gasto corrente é o aceptable nivel de execución do ingreso corrente dun 97,41%, tuvo como consecuencia un elevado volumen de aforro neto a fin de exercicio.

### **SÉTIMA.- Suspensión regras fiscais.**

A Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas. Por iso a aprobación e liquidación dos orzamentos das Entidades Locais debe realizarse baixo o cumprimento das chamadas tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e a débeda pública.

Con todo con data de 20 de outubro do 2010, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou o acordo do Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 polo que se solicitaba a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e o volume de débeda pública.

Coa devandita apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade dende o mesmo día en que se tomou o acordo, quedaron suspendidos durante o exercicio 2020 e 2021 os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto. Deste xeito, España deixa en suspenso o camiño da consolidación fiscal aprobada antes da crise sanitaria da Covid-19.

Con todo, é importante sinalar que a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da LOEPYSF, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nin do resto da normativa hacendística. Igualmente, non supón a desaparición da responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas ás que se refire o artigo 8 da referida LOEPYSF, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

É por iso, que para a liquidación orzamentaria do ano 2020 seguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria e, polo tanto, o principio de estabilidade orzamentaria aínda que a obriga de aprobar a liquidación do orzamento cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda financeira non está vixente pola citada suspensión das regras fiscais.

Así en efecto, aos orzamentos das entidades que integran o sector público local séguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria e, por tanto, o principio de estabilidade orzamentaria.

Así o establece o apartado primeiro do artigo 165 do texto refundido da Ley reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo cal, orzamento xeral atenderá ao cumprimento o principio de estabilidade e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade

Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento, conforme ao SEC-10 con carácter independente, con ocasión da aprobación do orzamento xeral e a súa liquidación.

Igualmente, aos orzamentos das entidades que integran o sector público local elle de aplicación o principio de sustentabilidade financeira, pois a suspensión das regras fiscais, en concreto do obxectivo de débeda pública, non implica renunciar á prudencia na xestión financeira.

O cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación.

É a medición da débeda financeira debe efectuarse en termos de débeda viva e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 é 53 do TRLRHL e da Disposición Final 31ª da Lei 17/2012 de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

Por último, debe sinalarse que para o ano 2022 prorrogouse a suspensión das regras fiscais, de estabilidade, de débeda pública e a regra de gasto, ao declarar o Congreso dos Deputados en sesión do 13 de setembro do 2021 que persistían as condicións de excepcionalidade que xustifican o manter suspendidas as regras fiscais en 2022.

## CONCLUSIÓNS

A liquidación do orzamento do Consello de Santiago de Compostela correspondente ao exercicio 2021 e deducido dos estados contables incorporados ao expediente, pon de manifesto unha boa situación de solvencia financeira no curto prazo da Administración municipal, derivada dun resultado orzamentario no exercicio que se liquida, que se sitúa nun valor contable positivo de 20.028.562,88 euros é un excedente de liquidez acumulada que se manifesta a través do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de 23.231.476,17 euros.

Os fondos líquidos en tesourería ao peche do exercicio 2021 alcanzan a cifra de 51.369.746,41 euros, obtendose un índice de liquidez inmediata no exercicio da liquidación, entendido como a relación dos fondos líquidos e a diferenza entre as obrigas pendentes de pago e os pagos pendentes de aplicación, de 2,61, o que significa que por cada euro que debe o Concello dispoñe de 2,61 euros en caixa, que se incrementa aos 3,07 se na determinación deste indicador se teñen en conta os dereitos pendentes de cobro previa dedución dos saldos de dubidoso cobro. En canto aos períodos medios de pago remítome ao informe de estabilidade elaborada por esta Intervención en relación a liquidación orzamentaria do 2021, no cal se recolle este índice de periodicidade mensual para cada un dos entes que conforman o perímetro de consolidación a efectos de estabilidade orzamentaria e o período medio de pago global para o conxunto consolidado.

Como consecuencia da suspensión das regras fiscais, os obxectivos de estabilidade, de débeda pública e a regra de gasto, aprobados polo Consello de Ministros en data o 11 de febreiro do 2020 non resultan de aplicación.

As regras especiais da disposición adicional sexta da LOEPYSF, que introduce o concepto de investimentos financeiramente sostibles, e que permitían, baixo determinadas condicións, a aplicación do superávit orzamentario calculado en termos de contabilidade nacional na execución dos investimentos relacionados na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRLRHL), sen que o correspondente gasto computase a efecto de avaliación da regra de gasto, deben considerarse sen efecto algún no marco da actuación situación de suspensión das regras fiscais.

Un dos principais efectos desta suspensión é a libre utilización do remanente de tesourería para gastos xerais para financiar modificacións orzamentarias mediante crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

Coas devanditas modificacións habilitase gasto nos capítulos 1 a 7 e o remanente de tesourería rexístrase presupuestariamente no capítulo 8 de ingresos. É por iso que este tipo de modificacións sempre afectan negativamente o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra do gasto; razón pola cal debe utilizarse o RTGG coa dilixencia debida.

Pois ben, a suspensión das regras fiscais en 2022 determina que o emprego do remanente de tesourería do exercicio 2021 non leve consigo a posibilidade de provocar incumprimentos destas regras, ou devandito doutro xeito, aínda que produzan un incumprimento, non se terán que aplicar medidas de corrección.

Igualmente debe terse presente á hora de utilizar o remanente de tesourería para gastos xerais, que, se se dispón de gastos pendentes de aplicar a orzamento, como é o caso do orzamento que se liquidou como xa se indicou anteriormente ascenden a 8.256.814,84 euros

que se corresponde co saldo acreedor da conta 413 de Acredores por operación devengadas, por criterio de prudencia, estes gastos deben atenderse en primeiro lugar e con preferencia a asumir outros, pois se trata de obrigacións xa contraídas pola Administración municipal.

Directamente relacionados cos efectos sobre a utilización do remanente de tesourería atópanse os efectos sobre a regra xeral do destino do superávit orzamentario á que se refire o artigo 32 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Do mesmo xeito que a suspensión das regras fiscais determinan que o uso do remanente de tesourería aínda que produzan incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e a regra do gasto, non dará lugar a medidas de corrección, o superávit non debe destinarse de forma obrigatoria a reducir débeda pública.

Este artigo establece que:

*“En el caso de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si este fuese inferior al importe del superávit para destinar a la reducción de deuda”.*

Desta maneira, non se esixirá o cumprimento do artigo 32 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, non sendo obrigatorio destinar o superávit de 2021, a amortizar débeda en 2022.

Do mesmo xeito que no caso de aplicar o Remanente de Tesourería para gastos xerais, á hora de aplicar o superávit, deberíase aplicar primeiramente a cancelar a conta 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes, e a cancelar o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior, pois se trata de obrigacións xa contraídas. Así o recomendou o Ministerio de Facenda, lembrando que o cumprimento das obrigacións de atender a conta 413 e cumprir co prazo máximo de pago a provedores non está afectado pola medida da suspensión, de maneira que o pago a provedores cumprindo co prazo máximo establecido na normativa de medidas de loita contra a morosidade, como a financiamento déficits durante a suspensión evite o incremento neto de endebedamento.

Asemesmo, debe terse en conta que ao non ser aplicable a regra xeral, tampouco é necesaria a regra especial de destinar o superávit a investimentos financeiramente sostibles, dado que o estar suspendida a aplicación das regras fiscais, non se requerirá a aplicación das disposicións relacionadas con elas.

En outro orden de ideas debemos indicar que o incremento do Remanente de Tesorería para gastos xerais, - 23.231.476,17 euros, que se reduce a 13.304.518,79 euros descontando a obrigas pendentes de imputar ao orzamento rexistradas na conta 413 - en relación co do exercicio anterior – 9.005.992,90 euros – debe poñerse en relación co nivel de execución obtido no orzamento cuxa liquidación se informa.

O grao de execución dos ingresos liquidados do orzamento corrente supón un 97,41% sobre as previsións definitivas, superior ao resultante da liquidación do exercicio anterior do 2020 que alcanzou un 93,98% e lixeiramente inferior ao obtido no último ano anterior ao da pandemia do COVID-19 isto e, o ano 2019 que acadou un 99,25%. O volumen de ingresos correntes per càpita, isto é, o índice de ingresos por habitante supuxo en 2021, 1.086,18 euros, fronte os 943,56 e 1.055,43 euros dos exercicios 2020 e 2019, respectivamente. En canto ao índice de presión fiscal, medido pola relación da suma dos dereitos recoñecidos netos polo tributos municipais e os prezos públicos e o número de habitantes (97.858) foi para 2021 de 589,34 euros, inferior ao ano anterior do 2020 que ascenderá a 655,92 euros.

En relación coa contabilización dos ingresos debemos facer referencia aos ingresos realizados pendentes de imputación ao orzamento do 2021. Estes ingresos teñense rexistado nunha conta extrapresupuestaria, concretamente as divisionarias da conta 555 (Cobros pendentes de aplicación) que arroxa un saldo ao peche do exercicio de 5.161.139,41 euros, significativamente superior ao do exercicio anterior do 2020 que ascenderá a contía de 1.388.776,15. Do analisi das anotacións contables rexistradas nesta conta observanse como ingresos máis relevantes, por un lado cuatro anotacións contables por importe total de 1.900.000,00 euros que se corresponderían con un anticipo da Secretaria de Estado de Turismo do Ministerio de Industria. Comercio e Turismo a conta do Plan de Sostenibilidade Turística en Destinos, creado polo Real Decreto-ley 25/2020, de 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego; un ingreso por importe de 242.000 euros derivado do produto da enaxenación da parcela B11 do SUNP 11 de data 9 de marzo do cal se tería imputado ao orzamento 42.000 euros, quedando un saldo pendente de imputación ao peche de 200.000 euros; ingreso por importe de 200.000 euros “procedente de ADIF número de recibo 032021A900199271 y S.S. segundo informe de Tesourería de novembro 2021”; un ingreso por importe de 501.652,73 identificado como: “Ingreso en concepto de liquidación dos prezos públicos recaudados o servizo de comedor no período setembro 2020 a xuño do 2021”.

En relación con iste último ingreso se deixa constancia que ao igual que ven sucedendo nos últimos anos nos estados de liquidación do orzamento de ingresos os subconceptos 34200 Prezos públicos por servizos de comedores escolares e 34202 Prezos públicos por servizo da Escola municipal de música, para os que se tiña establecido unha previsión inicial de 661.500,00 e 118.439,63 euros, respectivamente, volven a figurar un ano mais sin execución, isto e, non se teñen recoñecido dereito algún por istas exaccións, pero si aparece por primeira vez no exercicio a que se refire a liquidación que se informa, un ingreso pola cantidade indicada anteriormente de 501.652,73 euros para o caso do servizo de comedor que non se ten imputado orzamentariamente e se corresponde segundo o texto que figura na anotación contable con

ingresos de parte do ano anterior e do actual. Se deixa constancia de que os gastos derivados da prestación de este servizo comedor en base ao contrato que se ten formalizado con unha empresa externa veñen sendo informados desfavorablemente por este órgano interventor coa correspondente nota de reparo de carácter esencial e efecto suspensivo no intre de proceder a fiscalización dos correspondente xustificantes de gasto con carácter previo ao recoñecemento das correspondentes obrigas, como consecuencia da omisión nos expedientes de gasto de documentación relativa a recaudación distes prezos públicos no que participa a empresa adxudicataria, asimesmo tamen se deixa constancia de que no Plan anual de control financeiro para o ano 2022, se recolle como unha actuación específica de control financeiro permanente en materia de ingresos a xestión de cobro de prezos públicos que cofinancien actividades ou servizos cuxa prestación se leve a cabo por terceiros a través dos correspondentes contratos: Servizo de comedores escolares; servizo de escolas infantis de xestión municipal; servizo da escola de música, centros socio culturais, axuda no fogar, cultura e festas, etc,....

Polo que respecta ao grao de execución dos créditos autorizados no estado de gastos verificase un nivel de execución do 61,59% significativamente inferior ao dos anos anteriores, 67,74% é 75,19% nos anos 2020 é 2019, respectivamente. Resulta especialmente significativo o escaso nivel de execución do capítulo 2 de "Compra de bens correntes e de servizos" que acada un 69,79% fronte ao 82,97% é 85,23% de 2020 é 201, respectivamente, no que sin duda debe terse en conta o incremento do saldo da conta extraorxamentaria 413 de gastos pendentes de imputación ao orzamento como consecuencia da aplicación dos procedementos da administración electrónica o que se recomenda se teña en conta para vindeiros exercicios mediante unha aplicación mais rigurosa das normas de peche do exercicio en cuanto a tramitación dos expediente de gasto dende o punto de vista temporal.

Polo que respecta aos gastos de capital o nivel de execución foi do 20,41%, fronte o 22,45% é 21,82% dos anos anteriores do 2020 é 2019, respectivamente. Iste baixo nivel de execución nos gastos de capital pon de manifesto un retraso na realización dos proxectos financiados coas dotacións consignadas no orzamento para ista finalidade, esto e, un retraso na capacidade de gasto, é un excesivo volumen de remanentes de crédito a incorporar de un exercicio a outro naqueles casos en que tales dotacións se correspondan con remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

O gasto total por habitante ascendeu a 1.024,54 euros no exercicio cuxa liquidación se informa, fronte aos 1.058,79 euros do anterior do 2020 é os 1.119,34 euros do ano 2019.

O peso relativo dos gastos de persoal (soldos e salarios, indemnización, incentivos ao rendemento, cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador) respecto dos gastos correntes (capítulos 1 a 4) acada un 37,36% fronte ao 32,48% do ano anterior.

En canto á consistencia ou equilibrio financeiro no longo prazo, cúmprese como dixemos a condición necesaria de garantía da solvencia a curto prazo a través do sino positivo do Remanente de Tesourería e respecto da segunda condición, ou condición suficiente de que o aforro neto financeiro sexa positivo, tamén se cumpre, o cal é indicativo de que os ingresos correntes do exercicio foron capaces de financiar os gastos correntes e a carga financeira derivada de endebedamentos anteriores, ou dito doutra maneira, o aforro primario ou bruo foi superior a carga financeira. Con todo o anterior, no analisi desta magnitude debe terse en conta que a relevante desviación entre o gasto presupuestado e o realmente executado no ano xuntamente co maior acerto nas estimación de ingresos e o realmente liquidado e recaudado, ten dado lugar a que a cifra de aforro neto deducida dos estados da liquidación orzamentaria non teña nada que ver coa cifra de aforro neto que se desprendía no orzamento inicial e que determinou a necesidade de apelar ao endebedamento por importe de 10.000.000 euros para o financiamento das actuacións de investimento prevista para o exercicio, operación que finalmente foi concertada polo importe previsto. O carácter coxuntural ou estrutural destas desviacións que se poñen de manifesto entre a planificación orzamentaria e a realidade das execución, poidera determinar unhas consecuencias que foron expostas no informe desta intervención aos orzamentos para o actual ano do 2022 é o cal me remito.

En informe independente e para os efectos de cumprimento do disposto pola normativa vixente, de dar conta do mesmo ao Pleno da Corporación, procédese á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, é do límite da débeda financeira, con ocasión da liquidación do Orzamento Xeral correspondente ao exercicio económico do 2020 no contexto do réxime establecido pola suspensión das regras fiscais.

Santiago de Compostela na data da sinatura dixital  
O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL,

Asdo.: Juan Ramón González Carnero.



